

## CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE LATÍN

### 4º ESO

#### 1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

1.- O alumno adquirirá, polo menos, 150 palabras galegas novas de léxico relacionado cos temas que se traten.

2.- Saberá desenvolver a evolución das palabras latinas ao castelán, considerando as regras de evolución dadas.

3.- Entenderá o significado de 10 prefixos latinos e saberá formar palabras con eles.

4.- Coñecerá e utilizará as expresións e locucións latinas que perviviron en galego.

5.- Coñecerá claramente o mapa lingüístico das linguas europeas e a súa interrelación.

6.- Saberá os mitos máis representativos do mundo grecorromano, polo menos os deuses e heroes principais e a súa repercusión na civilización occidental e na súa contorna.

7.- Será capaz de recoñecer os elementos máis destacados do legado dos clásicos nos diferentes campos artísticos.

8.- Coñecerá o marco histórico e xeográfico de Roma.

9.- Comparará as sociedades do mundo antigo e o actual, establecendo os seus valores.

10.- Coñecerá os elementos básicos da lingua latina: declinación de adxectivos, pronombres e substantivos, presente, pretérito e futuro dos verbos, o participio e a oración de relativo.

## **2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Actitudes en clase respecto dos demais alumnos e ao profesor.
- Orde e corrección nos apuntamentos e nos exercicios.
- Traballo en casa.
- Colaboración no correcto desenvolvemento da clase.

Estes apartados, en caso de ser avaliados positivamente, suporán un 30% da nota de cada avaliación.

- Probas escritas que consistirán nunha serie de preguntas sobre cada un dos apartados tratados na avaliación: cuestións de evolución de palabras, vocabulario, morfoloxía e sintaxe, o mundo clásico, a súa historia e o seu modo de vida.

Suporá o 70% da nota.

Respecto das cualificacións debemos precisar:

-As cualificacións que se reflectan nas avaliacións outorgaranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, consideraranse até as centésimas, de tal modo que se redondearán á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

-A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

-Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Dita proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados até o momento. Se o alumno non alcanza nesta proba a cualificación mínima de 4,45 cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar a dicir proba (4,45 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.

-A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

-Hai que precisar que a avaliación é continua; así pois, lles avaliacións pendentes aprobaranse cando se aprobou a avaliación seguinte.

-Penalizarase a cada alumnos con 0,1 puntos por cada falta ortográfica nos traballos escritos.